



**26 FESTIVAL
INTERNACIONAL
DE TÍTERES DE
REDONDELA
12-18 maio 2025**

Exposición

"A volta ao mundo en 80 monecos" de Cachirulo Títeres

Do 9 ao 20 de maio. Multiúsos da Xunqueira. Horario de 17.00h. a 20.00h.

Cachirulo Títeres propón nesta exposición un percorrido por diferentes culturas do mundo amosándonos as variadas manifestacións artísticas en torno á Arte do Monicreque.

Escaparates participantes: Antigo Kiosko Cocó, Copy Redondela, La Nube, Pastelería Filo, Café da Vila, Fotografía & Audiovisual Cal-3, Barbería Juan Crespo, Tien-21, Librería La Imprenta e A DiscoTasca.

~ ~ ~ ~ ~ CAMPAÑA ESCOLAR ~ ~ ~ ~ ~

Luns, 12 de maio.....
10.30h. Auditorio Piñeiral do Crego. Spaguetti Títeres. Galicia
Obra: "Historias para unha man" 40'

Martes, 13 de maio.....
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. Girovago & Rondella Family Theatre. Italia
Obra: "Quadri" 50'

Mércores, 14 de maio.....
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. Valeria Guglietti. Arxentina
Obra: "No toquen mis manos" 40'

Xoves, 15 de maio.....
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. Títeres Alakrán. Galicia
Obra: "A pita xefa" 45'

~ ~ ~ ~ ~ PROGRAMACIÓN DE SALA ~ ~ ~ ~ ~

Luns, 12 de maio.....
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Girovago & Rondella Family Theatre. Italia
Obra: "Quadri" 50' +6 anos

Martes, 13 de maio.....
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Valeria Guglietti. Arxentina
Obra: "No toquen mis manos" 45' +6 anos

Mércores, 14 de maio.....
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Títeres Sin Cabeza. Aragón
Obra: "¿Cuántas estrellas puedes contar?" 65' +6 anos

Xoves, 15 de maio.....
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Títeres Alakrán. Galicia
Obra: "Desconexión" 45' +5 anos

Venres, 16 de maio.....
20.00h. Auditorio da Xunqueira. CDN, Cazando Gamusinos Teatro e Ritto. Madrid
Obra: "Árido" 50' +9 anos

Sábado, 17 de maio.....
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Teatro Escena. Galicia
Obra: "A danza dos medos" 50' +8 anos

Domingo, 18 de maio.....
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Teatro y su Doble. Chile
Obra: "Feos" 50' +16 anos

~ ~ ~ ~ ~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~ ~ ~ ~ ~

Sábado, 17 de maio. Día das Letras Galegas

11.00h. Acto institucional do Día das Letras Galegas

12.00h. Soportais. Pandereteiras Alxibeiras. Música. 30'. Galicia
P. de Ponteareas. "Xogos Paporubio" Paporubio. Espazo lúdico. Até 14.00h. Galicia
P. do Concello. "Retablos mecánicos" Peus de Porc. Instalación. Até 14.00h. Cataluña

12.30h. Palco da Música. "Polichinela titor de Pierrot" Danthea Teatro. 45'. Galicia

12.45h. Petanca. "Circu_nstância" Chão de Oliva. 40'. Portugal

13.00h. Alameda. "Vida de mamulengo" Mamulengo Presepada. 50'. Brasil

13.30h. Soportais. Pandereteiras Alxibeiras. Música. 30'. Galicia

17.00h. P. de Ponteareas. "Xogos Paporubio" Paporubio. Espazo lúdico. Até 20.30h. Galicia
P. do Concello. "Retablos mecánicos" Peus de Porc. Instalación. Até 21.00h. Cataluña
Alameda. "Vida de mamulengo" Mamulengo Presepada. 50'. Brasil

17.30h. Casa da Torre. "Los músicos de Bremen" El Retablo de la Ventana. 50'. C. A Mancha

18.00h. Palco da Música. "Un botón en mi cabeza" Arriba las Hu! Manos. 45'. Chile/Arxentina

18.30h. Petanca. "Circu_nstância" Chão de Oliva. 40'. Portugal

19.30h. Pista da Xunqueira "Las aventuras de Manolo Bolaño" Mario Ezno. 45'. C. A Mancha
Palco da Música. "Un botón en mi cabeza" Arriba las Hu! Manos. 50'. Chile/Arxentina
Soportais. The Turre's Band. Música. 30'. Galicia

20.00h. Casa da Torre. "Los músicos de Bremen" El Retablo de la Ventana. 50'. C. A Mancha
Peticanca. "Circu_nstância" Chão de Oliva. 40'. Portugal

21.00h. Soportais. The Turre's Band. Música. 60'. Galicia

Itinerantes

17.30h. Alfonso XII-Ribeira. "Mi gran caracol" Ángeles de Trapo. 30'. Andalucía

18.00h. Soportais-Ribeira. "O serán dos tres porquiños" Educateatro. 30'. Galicia
Coprodución con Xente Titiriteira e a colaboración de Ao teu Ritmo

18.30h. Praza da Torre-Ribeira. "Cavalls de Menorca" Tutatis. 60'. Cataluña

19.30h. Ribeira-Alfonso XII. "Mi gran caracol" Ángeles de Trapo. 30'. Andalucía

20.00h. Alfonso XII-Ribeira. "O serán dos tres porquiños" Educateatro. 45'. Galicia
Coprodución con Xente Titiriteira e a colaboración de Ao teu Ritmo

Domingo, 18 de maio

11.45h. **Ruada "Saca os teus cornos ao sol"**
Esta ruada parte da premisa de mesturar contorna e participación. Unha romaría itinerante onde quedades convidados/as a vir vestidos/as de calquera becho, animal ou personaxe, sempre que teña cornos que lucir, aceptárase tamén bicheira varia.
Saída: A Fedora (A Portela)
Percorrido: A Fedora, Praza de Abastos, Ponte do río, Campo da Feira e Ribeira.
Unha produción de Xente Titiriteira coa colaboración de Ángeles de Trapo, The Turre's Band, Troula e Pedras de Cartón.

12.00h. P. de Ponteareas. "Xogos Paporubio" Paporubio. Espazo lúdico. Até 14.00h. Galicia
P. do Concello. "Retablos mecánicos" Peus de Porc. Instalación. Até 14.00h. Cataluña

12.30h. Palco da Música. "Moby Dick" Pedras de Cartón. 40'. Galicia

12.45h. Petanca. "Limonardo da vento" Kalina Teatro. 45'. Galicia/Bulgaria

13.00h. Alameda. "Vida de mamulengo" Mamulengo Presepada. 50'. Brasil

13.30h. Soportais. The Turre's Band. Música. 30'. Galicia

17.00h. P. de Ponteareas. "Xogos Paporubio" Paporubio. Espazo lúdico. Até 20.00h. Galicia
P. do Concello. "Retablos mecánicos" Peus de Porc. Instalación. Até 21.00h. Cataluña

17.00h. Casa da Torre. "Los músicos de Bremen" El Retablo de la Ventana. 50'. C. A Mancha

17.30h. Alameda. "Vida de mamulengo" Mamulengo Presepada. 50'. Brasil

18.00h. Pista da Xunqueira. "Las aventuras de Manolo Bolaño" Mario Ezno. 50'. C. A Mancha
Peticanca. "Titirircus" Tanxarina Títeres. 50'. Galicia

18.30h. Palco da Música. "Un botón en mi cabeza" Arriba las Hu! Manos. 45'. Chile/Arxentina

19.30h. Casa da Torre. "Los músicos de Bremen" El Retablo de la Ventana. 50'. C. A Mancha
Soportais. Charanga Bicoia. 30'. Galicia

20.00h. Pista da Xunqueira. "Las aventuras de Manolo Bolaño" Mario Ezno. 50'. C. A Mancha
Palco da Música. "Un botón en mi cabeza" Arriba las Hu! Manos. 45'. Chile/Arxentina

21.00h. Soportais. Charanga Bicoia. Música. 50'. Galicia

Itinerantes

17.00h. Soportais-Ribeira. "Mi gran caracol" Ángeles de Trapo. 60'. Andalucía

18.00h. Alfonso XII-Ribeira. Latexo Percusión. Música. 30'. Galicia

18.30h. Praza da Torre-Alfonso XII. "Cavalls de Menorca" Tutatis. 60'. Cataluña

20.00h. Alfonso XII-Ribeira. Latexo Percusión. Música. 60'. Galicia

Intérprete de lingua de signos

Mercadiño Titiriteiro

Postos en torno ao mundo do títere.

Días 17 e 18 de maio. Na Alameda de 11.00h. a 22.30h.

Escenarios de rúa e itinerantes

De balde e sen entrada. Acudir ás representacións con marxe de tempo para coller sitio.
Se fose necesario pola climatoloxía todas as actuacións se farían nas carpas.

Billeteira anticipada e camisetas

Lugar: Multiúsos da Xunqueira. Prezo único da entrada: 7 euros.

Días e horarios: Venres, 9 de 17.00h. a 20.00h.

Sábado, 10 de 12.00h. a 14.00h. (só camisetas) e de 17.00h. a 20.00h.

Domingo, 11 de 12.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 20.00h.

Horarios durante o Festival

Horario da billeteira: 18.00h. a 20.00h.

Horario posto de camisetas: luns a venres de 18.00h. a 21.30h. Sábado de 12.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 21.30h. Domingo de 13.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 21.30h.

Organiza

Patrocinan



fitredondela.com



Girovago & Rondella Family Theatre (Italia)

A mítica compañía italiana Girovago e Rondella arranca a súa aventura no ano 1987 en Rodas da man de Marco e Federica, investigando e desenvolvendo a súa propia técnica a través da manipulación de mans. Coa incorporación artística dos seus fillos/as, esta familia de artistas optou por un estilo de vida inspirado nos teatros ambulantes de antano.

"Quadri" (Manipulación de mans) 50'

Unha obra composta por varias escenas protagonizadas por Manin e Manon, títeres de cinco dedos, creados pola compañía que se enfrontan a cuestións como a natureza, os falsos desexos ou o paso do tempo. Un universo simbólico onde cada espectador/a pode atopar a súa propia interpretación.

Luns 12 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)
Martes 13 ás 10.30h. e 12.00h. Campaña Escolar



Valeria Guglietti (Arxentina)

Dende o principio dos tempos, o ser humano viviu coa súa sombra, e comezou a xogar coas mans creando formas efémeras. Valeria Guglietti está especializada en espectáculos de teatro de sombras chinesas para todo tipo de público.

"No toquen mis manos" (Sombras chinesas) 45'

Espectáculo no que as sombras chinesas atópanse co cine mudo para crear unha colección de pequenas historias graciosas e máxicas. Arte efémero polo curioso e magnético das súas historias, que son proxectadas á vista de todos co movemento das mans. Esta obra está de aniversario xa que leva 20 anos en cartel.

Premio "OFFTrapezi 2004" Vilanova i la Geltrú
Premio Fira de Teatre d'Igualada. La Flecha-2007
Premio Festival Bonecos Canela, Brasil-2009
Premio Mostra de Teatro e Arte. ENCINART-2017

Martes 13 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)
Mércores 14 ás 10.30h. e 12.00h. Campaña Escolar





Títeres sin Cabeza (Aragón)

Compañía afincada en Zaragoza, que está de aniversario ao facer 15 anos da súa andaina. Con máis de dez obras no seu repertorio e máis de mil cincocentas representacións, Alicia, Fernando e Natalia seguen facendo posible un mundo máis sostible.

"¿Cuántas estrellas puedes contar?"

(Actriz/actor, títeres de mesa e outras técnicas) 65'

Orihime, a princesa tecedora, atrevese a achegarse ás estrelas e revelar os seus segredos. Esta historia fálanos de que as nenas poden chegar até onde queiran, romper os teitos de cristal e chegar arriba, até cruzar a Vía Láctea. Unha obra con moito sentido do humor e un elenco en estado de graza.

Premio Santa Isabel de Portugal-2023

Mércores 14 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)



Títeres Alakrán (Galicia)

Compañía creada polo titiriteiro, actor e escultor Borxa Insua. Desenvolve espectáculos propios que abranguen distintas técnicas.

"Desconexión" (Actriz/actor, varias técnicas) 45'

Unha distopía que aborda a dependencia de estar sempre conectados. A familia de Carmela resolve todas as súas actividades cotiás coa tecnoloxía. O seu lema é "unha vida tecnolóxica é unha vida ordenada".

Xoves 15 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+5 anos)

"A pita xefa" (Actor e títeres de mesa) 45'

Unha pequena pita cun soño pode facer moitas cousas: salto de lonxitude, bailar claqué... pero, sobre todo, pode conseguir o máis importante: mudar as normas do galiñeiro!

Xoves 15 ás 10.30h. e 12.00h. Campaña Escolar





Cazando Gamusinos Teatro (Madrid)

Compañía creada en Madrid en 2019 por Patricia Arroyo e Vera González para producir proxectos teatrais nos que investigar as posibilidades da linguaxe dos monicreques, dos obxectos e das sombras.

"Árido" (Actriz e varias técnicas. Sen Texto) 50'

A adaptación de Berta á súa nova casa xera unha sucesión de escenas hilarantes a través de situacións tolas e acontecementos incomprensibles que xeran o inesperado. Unha proposta contemporánea cun absurdo sentido do humor que aposta por explorar e investigar novas linguaxes. A montaxe é unha produción do Centro Dramático Nacional, Cazando Gamusinos Teatro e Ritto, coa colaboración da Comunidade de Madrid.

Venres 16 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+9 anos)



Teatro Escena (Galicia)

Teatro Escena nace da man de Jorge Rey para darlle cabida a diferentes proxectos escénicos internacionais en torno ao mundo do títere. Esta obra é unha coprodución internacional entre España, Arxentina, Colombia e México.

"A danza dos medos"

(Títeres de mesa, música ao vivo e outras técnicas) 60'



A obra convidanos a descubrir como, ao longo das diferentes etapas da vida, os nosos pensamentos, sentires e desexos nos expoñen a vivir moitísimas emocións, co «medo» entre elas. A obra está dirixida por Manuel Mansilla e Jorge Rey cun elenco novo e talentoso que arrisca mesturando diferentes técnicas nun constante xogo escénico.

Sábado 17 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+8 anos)



Teatro y su Doble (Chile)

Teatro y su Doble é unha compañía chilena formada no ano 2005 (co nome de "Teatro Milagros") como un espazo de experimentación na procura dunha linguaxe propia e de diferentes ferramentas teatrais.

Dende o principio a figura do boneco convértese na proposta definitiva da compañía onde o manipulador está ao servizo do obxecto teatral, como presenza invisible, construíndo entre eles.

"Feos" (Manipulación directa e varias técnicas) 50'

Son...digamos...feos. Viviron soportando a mirada ferinte do mundo e o seu encontro na fila do cine ben merece un café, unha conversa honesta e despois unha invitación a entrar xuntos na escuridade, intentar verse sen mirarse e atopar o que esconde a luz. O texto da obra está inspirado no conto "La Noche de los Feos" de Mario Benedetti.

Domingo 18 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+16 anos)

Mario Ezno (Castela A Mancha)

Mario Ezno é orixinario de Huete (Cuenca) e licenciado en Arte Dramática pola Resad. Como actor, humorista e titiriteiro. Crea espectáculos únicos, cheos de improvisación, humor e momentos inesquecibles. Con máis de 5 millóns de seguidores nas redes sociais, o seu humor e conexión co público conquistaron os corazóns (e as risas) de medio mundo.

"Las aventuras de Manolo Bolaño"

(Marionetas de fío e actor) 60'

Manolo Bolaño, o monicreque, é un personaxe con moita retranca que cobra vida a través dos fíos manipulados por Mario Ezno, onde baseándose na improvisación crea un xogo cómico co público. Vén gozar da habilidade dun titiriteiro que che fará sorrir como nunca.

Sábado 17 ás 19.30h. Pista da Xunqueira

Domingo 18 ás 18.00h. e 20.00h. Pista da Xunqueira



Mamulengo Presepada (Brasil)

Mamulengo Presepada naceu a principios dos anos 80 da convivencia de Chico Simões, o seu creador, coa obra do seu amigo Carlos Gomides (Carroça de Mamulengos), despois de percorrer xuntos o nordeste brasileiro traballando e interactuando con mestres das culturas populares e tradicionais, sobre todo, os vinculados ao universo do Teatro Popular de Títeres do Brasil coñecido coma Mamulengo.

"Vida de mamulengo" (Luva e música ao vivo) 50'

Anna Göbel e Chico Simões preséntanos os coñecidos e tradicionais personaxes do Mamulengo: Benedito, Margarida e Boi Estrela, que cansos de vivir na gran cidade, deciden volver ao rural. Ademais o espectáculo vai acompañado de música ao vivo que marca o ritmo e crea o ambiente festivo característico da tradición mamulengueira.

Sábado 17 ás 13.00h. e 17.00h. Alameda

Domingo 18 ás 13.00h. e 17.30h. Alameda



Ángeles de Trapo (Andalucía)

Compañía familiar con máis de 30 anos de experiencia no eido do teatro de títeres, tratando sempre de innovar, sorprender e romper cos esquemas no mundo do teatro de títeres, converténdose así nunha compañía referente na profesión.

"Mi gran caracol" (Teatro de rúa. Itinerante) 60'

O mozo Leonardo é un grande inventor que domina a arte da enxeñaría artística. Os seus coñecementos permitíronlle construír un transporte peculiar, un caracol xigante de madeira co que emprender unha gran viaxe e dar a volta ao mundo. Unha obra inspirada en Leonardo da Vinci.

Sábado 17 ás 17.30h. Alfonso XII-Ribeira

ás 19.30h. Ribeira-Alfonso XII

Domingo 18 ás 17.00h. Sopotais-Ribeira





Tutatis (Cataluña)

Tutatis, produtora e distribuidora con máis de 30 anos de experiencia no eido das artes escénicas, presenta espectáculos que levan conseguido prestixio e recoñecemento tanto no territorio nacional como internacional. Nas súas postas en escena mesturan un forte impacto visual cunha manipulación traballada e moita participación do público.

"Cavalls de Menorca"

(Teatro de rúa. Itinerante) 60'



"Cavalls de Menorca" é unha visión persoal da celebración menorquina onde se recrea a animalidade primitiva do cabalo e se recupera o peso da tradición nunha representación contemporánea. Unha recua de cabalos ao trote convértese nunha celebración da vida.

Sábado 17 ás 18.30h. Praza da Torre-Ribeira

Domingo 18 ás 18.30h. Praza da Torre-Alfonso XII



Arriba las Hu! Manos (Chile/Arxentina)

Arriba las Hu! Manos son Laura Mac Laughlin, de Arxentina, e Enrique Crohare, de Chile. A compañía crea integramente as súas obras, buscando sempre comunicar poética e transmitir as súas inquiredanzas.

"Un botón en mi cabeza"

(Títeres de luva e varias técnicas) 45'



Clott ten un botón na súa cabeza que lle fai sentir diferente aos demais. Sendo un bebé, unha misteriosa Man Verde partiu a súa cabeza en dous e para unila, as Mans Titiriteiras coséronlle un gran botón vermello. A Man Verde fará o imposible para tentar a Clott a que se desabotée... Lograrao?

Sábado 17 ás 18.00h. Palco da Música

ás 19.30h. Palco da Música

Domingo 18 ás 18.30h. Palco da Música

ás 20.00h. Palco da Música



El Retablo de la Ventana (C. A Mancha)

El Retablo de la Ventana nace en Bariloche (Argentina) no ano 1990 pero leva residindo en Guadalupe dende o ano 2000. A compañía está especializada en teatro de marionetas de lona, cunha manipulación excepcional, e no seu repertorio hai contos clásicos e modernos.

"Los músicos de Bremen"

(Títeres de lona e varias técnicas) 50'



A historia, baseada no clásico dos irmáns Grimm, dá vida a catro animais, Kiko o galo, un can chamado Roberto e Ramón o burro, aos que o granxeiro quere sacrificar por seren vellos. Entón deciden fuxir á cidade de Bremen coa esperanza de ser músicos. Polo camiño súmaselles Ágata a gata, completando a banda.

Sábado 17 ás 17.30h. Casa da Torre
ás 20.00h. Casa da Torre

Domingo 18 ás 17.00h. Casa da Torre
ás 19.30h. Casa da Torre



Chão de Oliva (Portugal)

A Compañía Chão de Oliva pertence ao centro de Difusión Cultural de Sintra (CO) que é unha asociación cultural sen ánimo de lucro activa dende 1987, recoñecida como entidade de utilidade pública dende 1999.

"Circun_ stância"

(Marionetas de fío e actor. Sen texto)



Este é un espectáculo de marionetas de fío ambientado nun circo onde as circunstancias unen dúas almas que queren facer unha viaxe xuntas. Isto non sempre é doado. Aparece un mal que trata de destruír o construído pero a perseveranza e o compromiso consigo mesmo e cos demais axúdanlles a superar as dificultades e alcanzar a fin desexada.

Sábado 17 ás 12.45h. Petanca
ás 18.30h. Petanca
ás 20.00h. Petanca



Peus de Porc (Cataluña)

Xesco Quadras funda en 2013 a compañía Peus de Porc onde combina os seus coñecementos de enxeñería co mundo dos títeres. Traballou como titiriteiro para diferentes producións televisivas como «Los Algos» emitida na cadea Cuatro Televisión ou «Los Lunnis» de TVE.

"Retablos mecánicos" (Instalación interactiva)

A instalación está inspirada nos títeres tradicionais de Portugal "Domo Roberto", onde cada retablo escenifica unha rutina típica da tradición portuguesa. Unha instalación interactiva onde o espectador/a ten que manipular e xogar cos monicreques mediante pancas e botóns. Diversión e participación cuns retablos cheos de vida.

Sábado 17 de 12.00h. a 14.00h. Praza do Concello
de 17.00h. a 21.00h. Praza do Concello

Domingo 18 de 12.00h. a 14.00h. Praza do Concello
de 17.00h. a 21.00h. Praza do Concello



Paporrubio (Galicia)

O Paporrubio nace en Lalín no ano 2013 da man de Luchi Iglesias. A súa personalidade enredante e argalleira fixo que dende moi novo se interesase polas formas de diversión da xente, o que unido ao seu traballo de actor, titiriteiro e escenógrafo deu como resultado O Paporrubio.

"Xogos Paporrubio" (Espazo lúdico de xogo)

Xogos Paporrubio é un compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria. Os participantes nesta aventura terán que ir descubrindo como se xoga a algúns dos xogos, mentres que se sorprenderán con outros deles grazas ás pequenas historias contadas e cantadas polos animais e habitantes da granxa.

Sábado 17 de 12.00h. a 14.00h. Praza de Ponteareas
de 17.00h. a 20.30h. Praza de Ponteareas

Domingo 18 de 12.00h. a 14.00h. Praza de Ponteareas
de 17.00h. a 20.00h. Praza de Ponteareas





Pedras de Cartón (Galicia)

Pedras de Cartón fúndase en 2019 na Coruña da man de Juan Rodríguez coa intención de adaptar os clásicos da literatura para toda a familia e que poidan chegar ao maior número de públicos posibles, apostando por explorar novas linguaxes e estéticas para introducir aos máis novos no amor polos clásicos.

"Moby Dick" (Teatro de rúa) 40'

Moby Dick é unha proposta de teatro para público familiar creado a partir da afamada novela de Herman Melville que xoga coa figura do gran cachalote protagonista da novela, un monicreque de tres metros creado polo titiriteiro Iker Pérez. Moby Dick conta a historia de Ismael, un mozo que decide embarcar nun baleeiro no que vivirá unha morea de perigosas aventuras.

Domingo 18 ás 12.30h. Palco da Música



Kalina Teatro (Galicia)

Kalina Teatro é unha compañía de títeres fundada no Ferrol por Plamen Dipchiko, un titiriteiro búlgaro que xa leva moitos anos afincado en Galicia. O pai de Plamen foi un afamado titiriteiro polo que a súa infancia xa está ligada ao mundo do Teatro.

"Limonardo da vento"

(Títeres de luva e varias técnicas) 45'



Esta é unha historia encantadora que mestura a maxia do folclore coa aventura dunha viaxe extraordinaria onde Limonardo debe recuperar a fariña que o vento lle arrebatou.

Un espectáculo de títeres de luva, onde Limonardo cautiva ao público transportándoo a un mundo de fantasía e ensinanzas atemporais.

Domingo 18 ás 12.45h. Petanca 



Educateatro (Galicia)

Educateatro Producións é unha empresa dedicada á produción e distribución de espectáculos infantís creada a finais de 2013. A música, a lingua e a diversión son os piares fundamentais do seu traballo.

"O serán dos tres porquiños"

(Corpóreos e música ao vivo. Teatro de rúa itinerante) 30'

Unha coprodución entre Xente Titiriteira e Educateatro coa colaboración de Ao teu Ritmo. Unha proposta que pretende achegar a música tradicional galega aos máis pequenos/as, a través dun serán protagonizado polos tres porquiños. Estes falcatrueros irmáns tomarán as rúas de Redondela a ritmo de gaita. Todos/as quedades convidados/as a vir bailar e troulear neste tolo serán.

Sábado 17 ás 18.00h. Soportais-Ribeira
ás 20.00h. Alfonso XII-Ribeira



Spaguetti Títeres (Galicia)

Spaguetti Teatro de Monicreques, compañía fundada en 1982 da man de Arturo Pérez, investiga dende os seus comezos sobre as formas máis clásicas e máxicas do títere de luva. Na actualidade está composta polos veteranos Arturo Pérez Cabral e Ton Arenas.

"Historias para unha man"

(Monicreques de luva) 45'

Baseada na obra "Telón de cielo" do mestre titiriteiro Guaira Castilla, estas cinco pequenas historias mímicas achégannos á esencia deses títeres, onde a manipulación e a posta en escena quedan envoltas pola maxia dos títeres de luva.



Luns 12 ás 10.30h. Campaña Escolar



Tanxarina Títeres (Galicia)

Compañía fundada no ano 1983. Dende entón converteuse nunha das formacións máis recoñecidas e prestixiosas do teatro de títeres galego tanto dentro como fóra de Galicia.

"Titiricircus" (Actores e marionetas de fío) 50'

A historia de dous vellos traballadores do circo que lembran agora con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista, nun permanente xogo participativo co público. Coa incorporación ao elenco de Andrés Giráldez.

Domingo 18 ás 18.00h. Petanca

Danthea Teatro (Galicia)

Compañía fundada en 1982. Crean a Sala Gurugú na Coruña para a divulgación do teatro e dos títeres, ademais de ofrecer unha formación académica completa sobre as artes escénicas.

"Polichinela titor de Pierrot" (Títeres de luva) 50'

A rebeldía de Pierrot e o desinterese polos libros e a escola leva ao seu pai Palomeque a tomar unha decisión desafortunada: contratar como profesor ao noso amigo Polichinela, que lle serve calquera cousa para sacar proveito dela.

Sábado 17 ás 12.30h. Palco da Música

Exposición "A volta ao mundo en 80 monecos"

Cachirulo Títeres propón nesta exposición un percorrido por diferentes culturas do mundo amosándonos as variadas manifestacións artísticas en torno á Arte do Monicreque.

Multiúsos da Xunqueira. Horario de 17.00h a 20.00h.
Escaparates participantes: Antigo Kiosko Cocó, Copy Redondela, La Nube, Pastelería Filo, Café da Vila, Fotografía & Audiovisual Cal-3, Barbería Juan Crespo, Tien-21, Librería La Imprenta e A DiscoTasca.

Do 9 ao 20 de maio



Pandereteiras Alxibeiras (Galicia)

Do sentimento polas raíces e do respecto ás tradicións xorden, case espontaneamente, as manifestacións artísticas máis apaixonadas. Neste Día das Letras Galegas poñamos en valor e gozemos da nosa identidade con este grupo de mulleres que nos farán cantar e bailar.

Sábado 17 ás 12.00h. e 13.30h. Soportais



The Turre's Band (Galicia)

The Turre's Band é un grupo galego nado na primavera de 2001 en Torroso (Mos). Músicos de profesión e festeiros de vocación, a formación está composta por ventos e percusións. The Turre's Band propón un innovador repertorio sendo unha banda imprescindible para este festival.

Sábado 17 ás 19.30h. e ás 21.00h. Soportais
Domingo 18 ás 13.30h. Soportais



Charanga Bicoia (Galicia)

Unha formación xurdida en 2019 composta por mulleres, visibilizando a figura da muller instrumentista na verbena. Cun repertorio moi variado o seu obxectivo é acadar un equilibrio entre a escoita musical e un espectáculo animado para que o público participe e baile.

Domingo 18 ás 19.30h. e ás 21.00h. Soportais



Latexo Percusión (Galicia)

Latexo Percusión está integrada por diferentes profesionais cunha ampla traxectoria. Un espectáculo de animación de rúa creado con moito mimo, poñendo especial énfase no coidado do son así como das coreografías e a posta en escena, xerando así un espectáculo dinámico e versátil.

Domingo 18 ás 18.00h. e ás 20.00h. Alfonso XII-Ribeira



Ruada "Saca os teus cornos ao sol"

Esta ruada parte da premisa de mesturar contorna e participación.

Unha romaría itinerante onde quedades convidados/as a vir vestidos/as de calquera becho, animal ou personaxe, sempre que teña cornos que lucir.

Saída: A Fedora (A Portela). Percorrido: A Fedora, Praza de Abastos, Ponte do río, Campo da Feira e Ribeira. Unha produción de Xente Titiriteira coa colaboración de Ángeles de Trapo, Pedras de Cartón, Troula e The Turre's Band.

Domingo 18 ás 11.45h.



Títeres pola gorra

É a sección do festival que abre as portas a diversas compañías que non queren perder a oportunidade de vir a Redondela para mostrar o seu traballo. As compañías que queiran participar deben pasar o mesmo día polo Multiúsos da Xunqueira para concretar espazo e recoller o cartaz de Títeres pola Gorra.

Temos confirmada xa a participación da compañía Naranjarte.



Mercadiño Titiriteiro

O Festival propón un novo espazo na Alameda de Redondela onde expoñer e vender todo aquilo relacionado co mundo dos monicreques no chamado Mercadiño Titiriteiro.

Celebrarase os días 17 e 18 de maio